

Como seguramente xa saben, o día 10 de novembro do ano pasado publicouse no DOG a Orde da Consellería do Medio Rural de 7 de novembro pola que se convocan eleccións e se ditan normas para a renovación dos órganos de goberno de determinados consellos reguladores do ámbito agroalimentario, entre os que está este Consello Regulador

Mediante este escrito dirixímonos ás **comunidades de bens e sociedades civís** inscritas para indicarlles cal é o procedemento para a votación presencial, que de acordo co calendario electoral, será o domingo 19 de febreiro.

Segundo o establecido no artigo 57.3 do Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro (disposición onde se recolle a normativa electoral) o dereito a votar acreditarase pola inscrición do elector nas listas dilixenciadas do censo e, no caso das **comunidades de bens e sociedades civís**, mediante a acreditación do votante como o seu representante legal.

Para facilitar a acreditación da persoa física que vai emitir o voto en representación dunha **comunidade de bens ou sociedade civil**, a xunta electoral que rexe este proceso aprobou un modelo de certificado no que se recollería a decisión **dos seus membros** de outorgar a facultade para emitir o voto a unha determinada persoa física. Acompañando este escrito remitímoslle ese modelo de certificado.

O día da votación, a persoa física a favor da cal se fixese a certificación acudiría á mesa onde lle correspondese votar á **comunidade de bens ou sociedade civil**, se identificaría co seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir e acreditaría a súa condición de representante co dito certificado, tralo cal procedería a emitir o voto. O certificado quedaría en poder da mesa como documentación electoral.

Recomendamos que utilicen este procedemento de acreditación para facilitar o traballo aos membros da mesa electoral.